

BEGONTE - Luis Cardero

Excmos. e Ilmos. Señores;

Señoras y señores;

amigos todos:

Si para cualquier persona sería motivo de orgullo el ser solicitado para pronunciar el Pregón de Navidad en Begonte, en el "Pueblo más navideño de Galicia", motivo de mayor alegría y plena satisfacción lo tiene que ser para quien, como en mi caso, vivió múltiples y gozosas jornadas en este recinto, bien en una añorada época de Asesor de Teleclubs, bien como Director de un Colegio repetidamente premiado en Begonte; bien como entrañable amigo y admirador de la labor de Don José y colaboradores, bien, y desde hace un año, como poseedor de un inmerecido título del que me siento indigno, pero especialmente orgulloso: el de Socio de Honor de este Belén Electrónico.

Sirvan, pues, estos datos, aparentemente anecdóticos, para justificar, de alguna forma, una postura mía que podría parecer, a simple vista, frívola o fruto de una desmedida vanidad: la de aceptar, sin resistencia alguna, el pronunciar este modesto Pregón; la de utilizar este podium para cantar la Navidad y hacer, desde aquí, una llamada a la paz entre los hombres.

Benqueridos amigos:

Ainda en algúns pobos de España, pro xa como cousa estrana, como especie a estinguir, consérvase a tradicional figura do pregoeiro, de ese home que, a toque de cornetín e escomezando as súas parolas coa consabida frase "De orden do Señor Alcalde faise saber.....", xunta aos veciños para darlles conta daqueles asuntos que, polo seu intrés xeral, lles afectan. Pro o gran desenrolo dos medios de difusión, que permiten unha mais rápida e xeral propagación das novas e, por outra banda, o gran crecemento de pobos e vilas, que impide xuntar a tódolos veciños nun intre dado, están a rematar coa existencia dos pregoeiros, figura que, por outra parte, non ten maior tradición nos pobos da nosa terra luguesa.

Mais, posto que no dicionario ven definido o pregón como "promulgación ou publicación que en voz alta se fai nos sitios públicos dunha cousa que convén que todos seipan", e ao pregoeiro como "persoa que publica tal nova", é natural que en ocasións tan sinaladas como a da Navidá se resucite a figura do pregoeiro, aínda que neste intre non sirva para anunciar, sinón para recordar; aínda que a designación para tal cáregogo haxa recaído nunha persoa sin merecementos, como é a miña; nunha persoa homilde, como homildes son moitos desos pregoeiros de pobo que eisistiron e, en algúns casos, eisisten aínda.

E porque a festa que conmemoramos o merece e eisixe, un ano mais o Belén Electrónico de Begonte ven tendo gran intrés en que a Navidá, nestos días, sexa cantada no seu fermoso local. E así lembramos como nos derradeiros anos o bon amigo Xosé Tuñas, o Sr. Bispo de Mondoñedo ou un home nunca esquencido en Lugo, Xosé Luis Hernangómez, o noso Presidente de Honor, cantaron con verbas profundas, nuns maxistrais pregós, que vostedes lembrarán tan ben coma min, o sublime da festa do Nadal do Señor.

E así, gracias á vosa xentileza de chamarme para dispoñervos ao sacrificio de escoitarme, e á miña obriga de corresponder en algo ao excesivo cariño con que sempre fun tratado en Begonte, voume converter, si ben sexa por unhos mi-

nutos, en colega de tan prestixiosas figuras como as que me precederon en outros anos. E si, sin pensalo nada, accedín ao requerimento que me fixo Don Xosé, foi tamén animado polo feito de que, si voces importantes cantan o Nadal do Señor, non estará por demais que, no meio delas, haxa unha voz homilde como a miña, pois non hai que esquecer que Deus foi, ante todo, o Señor dos homildes. E ~~si~~ aínda esta xustificación non fora suficiente, sempre me quedará o recurso de apelar á bosa bondade, e xa o fago desde este intre, para que seipades perdoar o meus fallos.

Os pregós da historia mais sublima da humanidá, cal é a historia da nosa Redención, non son de hoxe, sinón que sucederon ó longo dos séculos. E como se pode pregoar tanto o que vai suceder, como o que xa sucedeu, pro que interesa recordar, así séculos antes do nacemento de Cristo, tal nova foi anticipadamente anonciada, previamente pregada.

Votemos, pois, unha breve olleada a algús profetas, pregoeiros do Anterigo Testamento.

Isaias dixo ó Rei Acaz: "Pide unha sinal no Ceñ ou na Terra da axuda que che enviará o Señor contra os enemigos". O rei refusóu pedila por hipócrita homildade, e entón o profeta díxolle: "O Señor dacha; velahí que unha Virxen concebira e dará a lus un Neno que será chamado Emmanuel (Deus connosco)". Esta profecía cúmplase en Xesucristo, que nace da Virxen María, podéndose decir del "Deus connosco", xa que é o mesmo Deus.

Miqueas dí que nacerá en Belén, con estas parolas "E tí, Belén, non es a mais pequena entre as cidades de Israel, posto que de tí salirá o xefe que a de rexir ó meu pobo". A historia véu a confirmar a profecía xa que, a pesares de vivir a Virxen en Nazareth, por circunstancias especiais que todos coecemos ben, Xesús naceu en Belén.

Daniel, entre outras cousas, fala de que o Arcánxel Gabriel lle revelóu o tempo en que nacería o Mesías, decíndolle que desde aquel intre hasta o seu nacemento, pasarían setenta semás de anos.

David profetizóu que sería descendente seu, e no Salmo XXI fala da Pasión, dando unha serie de detalles que se habían de cumprir no Calvario.

Isaias chámalle "Varón de dolores" e describe de tal maneira as tribulacións de Cristo, que máis que profecía parece un Evanxelio da Pasión.

Pregoeiro do nacemento de Xesús foi aquel anxo que se acercóu aos homildísimos pastores decíndolles: "Non tedes que temer, pois veño a darvos unha nova de grandísima ledicia pra todo o pobo; é que hoxe nacévus na cidade de David o Salvador, que é o Cristo, Señor noso". E pregoeiros foron os pastores que, según nos refire San Lucas no Evanxelio, decían unhos a outros: "Vamos hasta Belén e vexamos este suceso prodixioso que acaba de suceder, e que o Señor nos manifestóu". E pregoeira admirabel foiaa estrela que guiou ós Magos. E pregoeiro de Xesús é o Bautista: "Velaquí aquel de quen eu vos decía: o que ha de vir despois de min é mais que eu, por canto era antes que eu". E pregoeiros da súa vida, milagres e doutrina son os Evanxelistas Mateo, Marcos, Lucas e Xan.

Pro feito tan sinalado, necesariamente tiña que ser cantado, pregado, en suma, por moitas persoas e en tódalas linguas. Deixemos a unha banda aos autores estranxeiros e parémonos un pouco nos do noso país.

Xan Ruiz, Alcipreste de Hita, home de existencia moi movida e desordeada, inflámase de devoción, nembargantes, ó cantar os Gozos de Santa María. E na súa obra, aparecida no século XIV, canta en diversos paraxes o Gozo da Virxen ante o Nacemento do Neno:

"En Belén acaeció
el segundo; allí nació
sin dolor apareció
de tí Virgen, el Mesía"

E noutro lugar canta así:

"El segundo fué cumplido
cuando de tí fué nacido
sin dolor;
de los ángeles servido
fué luego reconocido
Salvador."

E aínda repite noutras estrofas:

"Concebiste a tu Padre;
fué tu gozo segundo
cuando diste a luz, Madre,
sin dolor nació al mundo.
Cual naciste
intacta permaneciste
!Oh Virgen del santo mundo!"

Lois de Góngora, cordobés, poeta inspiradísimo, grandilocuante e brillante, a quen, e según Marañón, os seus contemporáneos creían tolo, cantou así nos seus barrocos vilancicos:

"De un solo clavel ceñido,
la Virgen, Aurora bella,
al mundo le dió, y Ella
quedó cual antes florida.
A la púrpura caída
siempre fué el heno fiel;
caído se le ha un clavel.
El heno, pues, que fué digno,
a pesar de tantas nieves
de ver en sus brazos leves
este rosicler divino
para su lecho fué lino,
oro para su dosel;
caído se le ha un clavel"

Lope de Vega, coñecida pola súa gran produción literario co nome de "monstruo da natureza", que Cervantes lle adxudicou, con devoción inxenua e terna fai referencia ao Nadal en estrofas cheas de gracia espresiva:

"Pues andais en las palmas,
ángeles santos;
que se duerme mi niño,
tened los ramos."

Ou naquelas outras cheas do millor sabor popular:

"Las pajas del pesebre,
Niño de Belén,
hoy son flores y rosas,
mañana serán hiel.
Llorais entre las pajas
del frío que teneis,
hermoso niño mío,
y de calor tambien.
Dormid entre las pajas,
que aunque frías las veis,
hoy son flores y rosas,
mañana serán hiel".

Gregorio Martínez Sierra, madrileño, poeta lírico e sentimental, canta así:

"Hoy es Nochebuena,
la copla decía.
!Todos la cantaban!
!Nadie la entendía!
La Virgen pasaba
!Nadie la veía!
Lleva el Niño en brazos
!Nadie lo sabía!
Llamaba a las puertas
!Ninguna se abría!
!El Niño lloraba
del frío que hacía!

De mosén Jacinto Verdaguer, o maís grande poeta catalán, son estas estrofas belísimas:

"Cuando el niño está dormido
mirad! Cual la Virgen Santa
desfaja sus manecitas
para rociarlas con lágrimas!
y desde que en sueños vió
que aparecían llagadas
dice llorando: Hijo mío
¿de dónde son estas llagas?
A lo que Jesús contesta:
-!Son flores que el amor halla
en las mansiones de aquellos
que más de veras nos aman!".

E de outro poeta catalán, Eduardo Marquina, son as estrofas siguientes, cheas de sencilles e de gracia:

"La Virgen María
penaba y sufría....
Jesús no quería
dejarse acostar.
¿No quieres?
!No quiero!
Cantaba un jilguero.
Sabía a romero
y a luna el cantar.
.....
La Virgen María
cantaba y reía.
Jesús se dormía
de oílla cantar.
Tan bien se ha dormido
que el día venido
inútil ha sido
gritarle y llamar.
Y entrando ya el día
como El aún dormía
para despertarle
!la Virgen María
tuvo que llorar!

E como exemplo de poeta moderno e futurista, vexamos estos versos de Xerardo Diego:

"Ya llegan los pastores
-nieve en los pellicos-
para cantar al Niño
los Villancicos.
la cuchara en el aire;

¿qué es lo que vuela?
 !que se enfrían las migas
 en la cazuela!
 En el portal, María
 que el Niño mece,
 más blanca nos deslumbra,
 nos resplandece."

Tamén os nosos millores poetas galegos, todo sensibilidade, cantaron na nosa lingua o Nadal do Señor; pro, pra non alargar a relación, citaréi unicamente unhas estrofas da poetisa Dora Vázquez, aparecidas no seu libro "Un poema cada mes":

"Mais, !que sons,
 bambeándose na estrelecida Noite!
 !Qué bronces, batelándose,
 desfollándose en gloria,
 en alborexos!

¿Qué anxos che rebrincan nos badales,
 degrañando a anterga cantiga,
 inmorredoira,
 de AMOR".

Mais perdoade que no meu afán de probare que nosos millores autores vestiron de gala a súa pluma pra cantar o Nadal do Señor, háxame escedido nesta relación de estrofas, tendo en conta os curtos lindeiros deste pregón. Pro coido que merecéu a pena, pois permitiunos a todos, si ben sexa de pasada, gostar de unha selección de belas estrofas de escritores insiñes.

Pro non todo van a sêr escritores e poetas de brillante sona. O Nadal do Señor dos homildes, do mais homilde dos señores, tiña que ser cantado, precisamente, polos homildes; polas xentes do pobo chau. E son estas composicións poéticas, de autor descoñecido moitas delas, transmitidas de boca en boca ao longo de anos e anos, as que teñen un millor sabor, pois naceron da entranca e do sentire mesmos do pobo. Son esos anónimos romances, cantares e panxoliñas que por istas datas do Nadal vemos interpretar aos "cantores de reises", de porta en porta, mais ou menos- mais ben menos- afinadamente, pro que son escoitados con devoción sinxela, en moitos logares da nosa querida terra:

"Chegai mariñeiros, chegai labradores
 adorar ó Neno dos nosos amores.
 !Que cara, qué olliños, que roxos cabelos!
 parece que fala !Xesús!, meu Neniño.
 Rapaciñas da banda do mar,
 esta noite nasceu en Belén o Señor.
 Vinde mozos e vellos de par
 que esta noite é noite de amor.
 pola nosa devoción.

re
 or
 s
 io
 rdc
 a q

prof
 ma
 ron
 fan

versos
 , María
 ', que
 th:

Moitas destas cantigas, de tan enxebre e popular sabor, foron recollidas, nun traballo do meirande mérito, polo crego Xesús Mato e os seus rapaces, e incorporadas ao seu espectáculo navideño "Galicia canta ao Nejo", que supoñe todos vostedes coñecerán moi ben. Dende eiquí vaia para eles a nosa lembranza pola súa laboura e o testemuño da miña gratitude pola colaboración que me prestaron cando eu andaba metido noutros traballos e inquiredanzas.

E quero pechar esta relación de estrofas, cunhos versos sinxelos, saídos da pluma dunha alumna que foi do meu Colexio, María Xesús Campos, ganadora do primeiro premio no Concurso Poético do Nadal de Begonte, e que soupo cantar, aos seus doce anos e así de ben, a homildade da familia de Bazareth:

"Nun pobo, nunha aldeia,
nunha casa abandonada,
nunha chabola, en nada,
!Queixábanse, queixábanse!

Na cidade,
nunha casa arranxada,
nun lar de cartos forrado,
!Queixábanse, queixábanse!

Nun Portal, entre vacas e burros,
nun Portal, en Belén, nun Portal,
nun lugar onde o chan era branco,
nun lugar onde o frío conxela;
alí non se ouvían queixas,
alí ninguén se queixaba.

Nunha casa, nun pobo, nunha cidade,
!Todo o mundo daba queixas!
!Todo o mundo se queixaba!

Pro aló onde o frío é tenrura,
onde a neve non da frío,
onde o mundo é pequeno,

!Alí non se ouvían queixas,
alí ninguén se queixaba!

Ao igual que os sinxelos cantadores de reises, ou que esos nenos de verbas tan limpas como as súas ialmas, eu veño hoxe a Begonte a cantar a paz da Navidá: paz entre as Nacións, paz para os pobos, paz nas familias e na propia concéncia. Porque ningunha data hai tan oportuna ~~momento~~ para pedir pola paz como ésta en que lembramos o nacemento do que, profeticamente, foi chamado por Isaias "Príncipe da Paz"; de Aquel de quen San Pablo, nunha carta aos Efesos, dixo: "Porque El é a nosa paz; El que dos pobos fixo un soio; El, que veu a anunciarvos a paz a vos que estábades lonxe, e a paz a aqueles que estaban ^{perto} ~~cerca~~"; ~~de~~ un Neno que máis tarde había de decir de Sí mesmo "A paz vos deixo, a miña paz vos dou; nona ~~vos~~ dou Eu como a da o mundo".

Porque é innegabel que o mundo está á procura da paz, aínda que os rueiros polos que discorre sexan, casi sempre, tortos. O Papa Xan XXIII comenza a súa Encíclica "Pacem in Terris" con estas verbas "A paz na terra, profunda aspiración dos homes de tódolos tempos, non se pode establecer nin asegurar si non se garda enteiramente o orde~~s~~ establecido por Deus". E máis adiante engade: "A paz ha de estar fundada sobre a verdá, construída coas normas da xusticia, vivificada e integrada pola caridá e realizada, en fin, coa libertá".

Verdá, xusticia, caridá e libertá: ese é o camiño a ^{percorer} ~~percorer~~, e esas son as bases sobre as que se ha de asentar esa paz tan desexada. Todo o que sexa a procura de novas fórmulas levaranos, unicamente, a errar ¹ a senda. E, sinón, votemos unha olleada á Historia e aos tempos presentes.

"Libertade, libertade, cantos crimes se cometen no teu nome", decía un escritor ^{de sona} ~~famoso~~ á vista de certos feitos da Revolución Francesa, e famoso foi a frase daquel exaltado revolucionario que, con ferintes berros, vociferaba: "A libertá proclamo eu, e morra o que non pense coma min". ~~É~~ Estas frases, de craro grafismo, poden aplicarse á paz, pois moitos son os crimes que se cometen no seu nome, e moitas as persoas que, erguendo bandeiras pacifistas, fan escarnio do que predicán intentando impoñer pola forza os seus propios intreses, escondidos tras ~~doe~~ disfraz dunhas boas intencións que soio ocultan ansias de poder.

Guerras, revolucións, loitas racia^{les}, terrorismo.....ao longo e o ancho do mundo, non son mais que mostras de estados de guerra, latentes ou patentes, en que, decotío, se ve envolta a doente humanidade. Pro o que constitue un verdadeiro sarcasmo é que os encontrados bandos prúncense violentamente levando en alto o mesmo estandarte: o da paz ¡Haberá, cecais, contrasentido mais grande que o de buscar a paz facendo a guerra? ¡Non será, por ventura, falso dende a súa raíz o aforismo -si queres a paz, prepara a guerra?

A guerra moderna, dixo o Papa Pio XII, é unha inmensa alcantarilla de corpos e ialmas destrozados, desperdicios dun banquete dun idolo que engorda. E o mesmo Papa no ano 1.940, recién comenzada a segunda guerra mundial, que estivo perto de arrasar os bes materiais e da cultura da vella Europa, sinala cinco condicións para conquistar a verdadeira paz entre os estados, condicións que siguen sendo válidas, non soio para os estados, sinón para dentro dun país e entre as propias persoas: 1ª.-Hai que vencer o odio e aos sistemas que o fomentan.-2ª.-Hai que vencer a desconfianza co respecto á ^{verba} ~~palabra~~ dada .- 3ª.-Hai que renunciar ao maquiavelismo de estado que fai da utilidad^{suprema} norma.-4ª.-Hai que disminuir as diverxencias escesivas no campo da economía mundial.- 5ª.- Hai que vencer o egoismo co que o forte se burla do honor e oprime ao débil.

E para que a victoria da guerra que daquela desgarraba ao mundo fose fecunda, o mesmo Papa señalaba as seguintes condicións que tamén hoxe siguen sendo válidas para as relacións pacíficas entre os homes: O mais forte ten que respetar o dereito do máis débil.-a maioría ten que protexer os dereitos da minoría.- O país rico

ten que asegurar suficientes bés ao país pobre.—O poderoso ten que substituir a dinamita pola razón.— A Deus e á Relixión é suicida perseguilas.

Nembargantes, tampouco entre conciudadans, incluso entre irmáns, reina totalmente a paz. De ootío vemos inxusticias, odios, rencillas, estados de insatisfacción e resentimento. Moito se fala da cuestión social, porque tal cuestión existe: "problema da humanidade e da historia" lle chamou Donoso Cortés; pro esta grave cuestión social, no é soio económica, como queren algúns, sinon tamén moral e relixiosa. A este respecto, dí o Papa León XIII na Encíclica "Rerum Novarum": "Alonxade da ialma os sentimentos que infiltrou a educación cristiana; quitade a previsión, modestia e as demais virtudes, e inutilmente se conquerrá a propseridades, anque con grandes esforzos se pretenda" Por elo, a solución de todos estos problemas non está en tantos e tantos sistemas errados, sinón naqueles que estén impregnados da doutrina evaxélica. Leemos na Epístola de San Xoan: "O que non practica a xusticia, non é de Deus, e tampouco o que non ama a seu irmán. Porque este é o mensaxe que dende o principio tedes ouvido: que nos amemos os uns aos outros..."

A convivencia perfecta, a máis absoluta paz, soio será ^{conquerrá} ~~lograda~~ cando cadaquén cumpra coas súas obrigas e respete o dereito dos demais; cando se respete a libertá e diñidá das persoas; cando tódolos nosos feitos estén cheos de amor polos nosos semellantes, pro non dun amor egoista, sinón a imaxe daquel tan cheo de desintrés ^{/do/} que nos deu mostra. O que foi Deus e home, e que na Tefra se chamou Xesús de Nazareth. Por elo cantamos a Paz ao conmemorar o nacemento do que foi e trouxo a verdadeira paz. Por esta razón, temos que encher ^{/de} sentimentos de paz e de amor ^{/estas} brillantes festas de Navi-dá, festas que son doblemente luminosas para as sinxelas xentes dos nosos pobos. I elo é así porque o Neno que naceu en Belén fai 1.980 anos, o fillo do carpinteiro de Nazareth, deunos, coa súa vida, a sublime lección da diñificación do traballo, porque o traballo ben feito, canto mais homilde, m+áis diño é.

A vida de Xesús é un continuo exemplo de predilección polos homildes, polas xentes traballadoras, porque nesas xentes frorecen, especialmente, as virtudes da verdá, xusticia, caridá e libertá, que son os pilares sobor dos que se asenta a verdadeira paz. De ahí que en ^{inter}~~momentos~~ de confusión, odios e agobio, cando non de terror, os nosos pequenos pobos, habitados por xentes sinxelas, sigan sendo auténticos remansos de paz, soio alterada por aqueles, sexan do siño que sexan, que queren pisotear algunha daquelas virtudes. E como esa paz é un don que Deus nos da, e que hai que saber gañar día a día, todos temos que facer un esforzo de comprensión e xenerosidá para que as nosas xentes non sexan vítimas dos nosos egoismos de ambición ou poder.

E non quero deixar pasar esta ocasión, anque sexa a modo de inciso, para adicar unha emocionada lembranza de afecto para todos aqueles conciudadans que, no extranxeiro, unirán ao sacrificio e dureza do seu traballo, a door de estar alonxados da súa familia e da súa terra en datas tan entrañables como as que vivimos. Vaian para eles os nosos mellores desexos de paz e prosperidá.

E como penso que estou abusando escesivamente da vosa amable atención, forzoso é que nos vaiamos achegando ao final ~~de~~ deste modesto Pregón, para finalizar ^{el} tamén cos males que vos está ocasionando a miña prosa desafortunada. E para pechar ^{el} mes con verbas felices, permitídemme que, de novo, acuda ás frases coas que tamén o Papá Xan XXIII pechou a maxistral Encíclica "Pacem in Terris", verbas que, na boca do que vos fala e no corazón dos que me escoitades, han de ser ^{a casa} ~~encendida~~ plegaria e devota oración "Pidamos, pois, con instantes súplicas ao Diviño Redentor, esta paz que Il mesmo nos trouxo. Que Il borre dos homes todo o que poida poñer en ^{pen} ~~pali~~ esta paz e transforme a todos en testigos da verdá, da xusticia e do amor fraterno. Que Il ilumine coa súa luz a mente dos que gobernan as nacións, para que xunto ao bienestar e prosperidade convenientes percuren tamén aos seus conciudadans o don máis precioso da paz. Que Cristo, finalmente, ~~excenda~~ ^{excenda} as voluntás de todos para botar a terra as barreiras que dividen a uns doutros, para estreitar os vínculos da mutua comprensión; en fin, para perdoar os agravios. Así, baixo a súa acción e amparo, tódolos pobos se aúnen como ~~irmans~~ ^{irmans} e fíorezca entre eles e reine sempre a "ansiada paz".

E porque o ano vindeiro vos colme a vosoutros e ás vosas familias, e a tódolos ausentes de paz e prosperidádes, eu fago desde aquí os mellores e máis fervintes votos.